



CCOO INFORMA

II PLAN DE RESCATE PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS SEN PERSOAL

Quen pode solicitar a axuda?

- As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia con domicilio fiscal en Galicia.
- As persoas autónomas societarias con alta anterior ao 30/3/2020 e unha porcentaxe mínima de participación na empresa do 25 %.
- As persoas traballadoras autónomas de tempada, sempre que acrediten que, aínda que non estean de alta no momento da presentación da solicitude, estiveron de alta un mínimo de catro meses e un máximo de nove meses durante os anos 2018 e 2019.

Requisitos

- Persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como traballadores/a por conta propia con domicilio fiscal en Galicia.
- Acreditar unha baixada de facturación de, polo menos, o 45 %.
- Manter a actividade dous meses desde a publicación da orde.

Contía das axudas

- 1200 € para as persoas que acrediten unha baixada de facturación entre o 45 % e o 60 %.
- 2000 € para as persoas que acrediten unha baixada de facturación de máis dun 60 % e de menos do 70 %.
- 3000 € para as persoas que acrediten unha baixada de facturación igual ou superior ao 70 %.

Para as persoas autónomas de tempada, os importes da axuda serán o 50 % das cantidades indicadas anteriormente.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o 18 de febreiro, data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Presentación de solicitudes

- Obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible como anexo I na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigado cumprimento.
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é dun mes.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social con anterioridade á proposta de pagamento final da subvención, sempre que o importe do conxunto das débedas sexa inferior ao do anticipo (80% da axuda concedida cun máximo de 14 400€) e que a persoa beneficiaria se obligue a poñerse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias no prazo de 15 días naturais contados a partir do día en que reciba o anticipo.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación.
- Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección.
- Manter a actividade durante un tempo mínimo de dous meses desde a publicación desta orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.
- Presentar os indicadores de resultado inmediatos, segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade.

Máis información

- DOG núm. 33, xoves 18 de febreiro de 2021:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210218/AnuncioG0599-170221-1_gl.html
- Sede electrónica: código de procedemento TR500A.
- Estas axudas serán compatibles con calquera outra.
- Pagarase o 100% da axuda concedida nun só prazo cando se cumpran todos os requisitos. Se houber débedas pendentes coas Administracións, aboarase un 80% da axuda no momento da concesión e o 20% restante cando se comprobe o pagamento das ditas débedas.

**Secretaría de Emprego e Previsión Social
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**



CCOO INFORMA

II PLAN RESCATE A MICROEMPRESAS E PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS CON PERSOAL

Quen pode solicitar a axuda?

- As microempresas e as persoas traballadoras autónomas, sempre que teñan persoal contratado por conta allea ao seu cargo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias as empresas que teñan ata 25 persoas traballadoras e un volume de facturación non superior a dous millóns de euros (5 millóns de euros para pemes pertencentes á canle de distribución Horeca) no último ano en que se presentasen contas e acrediten un descenso de facturación superior ao 60 %.

Requisitos

- Domicilio fiscal en Galicia.
- Que a súa facturación baixara, polo menos, un 45 %.
- Manter a actividade e o emprego durante seis meses desde a publicación da orde.

Contía das axudas

- 4000 € para as persoas ou entidades que acrediten unha baixada de facturación entre o 45 % e o 60 %.
- 5000 € para as persoas ou entidades que acrediten unha baixada de facturación de máis dun 60 % e de menos do 70 %.
- 6000 € para as persoas ou entidades que acrediten unha baixada de facturación igual ou superior ao 70 %.

A cantidade incrementarase ata 3000 € en función do número de persoas traballadoras por conta allea que teñan no momento da publicación da orde, segundo a seguinte escala:

- 1000 € se teñen de 4 a 9 persoas traballadoras,
- 2000 € se teñen de 10 a 20 persoas traballadoras,
- 3000 € se teñen de 21 a 25 persoas traballadoras.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o 18 de febreiro, data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Presentación de solicitudes

- Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible como anexo I na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigado cumprimento.
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é dun mes.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social con anterioridade á proposta de pagamento final da subvención, sempre que o conxunto das débedas teñan un importe inferior ao do anticipo (80% da axuda concedida cun máximo de 14400€) e que a persoa beneficiaria se obrigue a poñerse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias no prazo de 15 días naturais contados a partir do día en que reciba o anticipo.
- Cumprir os requisitos.
- Manter a actividade e o emprego durante seis meses desde a publicación desta orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.
- Presentar os indicadores de resultados inmediatos, segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade.

Máis información

- DOG núm. 33, xoves 18 de febreiro de 2021:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210218/AnuncioG0599-170221-1_gl.html
- Sede electrónica: código de procedemento TR500B.
- Estas axudas serán compatibles con calquera outra.
- Pagarase o 100% da axuda concedida nun só prazo cando se cumpran todos os requisitos. Se houber débedas pendentes coas Administracións, aboarase un 80% da axuda no momento da concesión e o 20% restante cando se comprabe o pagamento das ditas débedas.

**Secretaría de Emprego e Previsión Social
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**

II PLAN DE RESCATE DA XUNTA DE GALICIA AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS

AXUDAS	REQUISITOS	CONTÍAS
AUTÓNOMOS/AS	— Estar de alta en autónomos. Para os autónomos de tempada: acreditar alta no RETA dun mínimo de 4 meses e un máximo de 6 durante cada un dos anos 2018 e 2019. — Descenso facturación de, polo menos, un 45 % entre 2020 e 2019. — Manter a actividade dous meses desde a publicación da orde (os de tempada, non).	a) Descenso de facturación entre o 45% e 60% : apoio de 1200 € b) Descenso de facturación de máis dun 60% : apoio de 2000 € c) Descenso de facturación dun 70% ou máis : apoio de 3000 € As axudas reduciráanse ao 50% para autónomos/as de tempada.
AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS CON PERSOAL (así como as pemes de ata 25 traballadores/as que facturen menos de 2 mill de € e acrediten un descenso de facturación superior ao 60 %)	— Descenso de facturación de, polo menos, o 45% no ano 2020, realizándose unha comparación entre os anos 2019 e 2020. — Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias as empresas que teñan ata 25 persoas traballadoras e o volume de facturación non sexa superior a 2 mill de € (5 mill de € para pemes pertencentes á canle de distribución Horeca) e acrediten un descenso de facturación superior ao 60%. — Manter a actividade económica e o emprego durante 6 meses desde a publicación da orde de axudas. — As empresas creadas dende xaneiro ata abril de 2020 deberán acreditar o descenso de facturación media mensual por comparación entre o primeiro trimestre de 2020 e os tres trimestres restantes de 2020.	a) Descenso de facturación entre o 45% e 60% : apoio de 4000 € b) Descenso de facturación de máis dun 60% : apoio de 5000 € c) Descenso de facturación dun 70% ou máis : apoio de 6000 € Esa cantidade incrementárase da seguinte forma: — De 4 a 9 traballadores/as: 1000 € — De 10 a 20 traballadores/as: 2000€ — De 21 a 25 traballadores/as: 3000 €



INFORMACIÓN COMÚN

- As axudas son todas compatibles entre si e coas doutras administracións.
- Exímese as persoas ou entidades beneficiarias destas subvencións do requisito de estaren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou á Administración pública da Comunidade Autónoma no momento da concesión da axuda e do pagamento do anticipo concedido, sempre que se dean as seguintes circunstancias (que deberán acreditarse mediante a declaración responsable):
 - Que o conxunto das débedas tributarias, coa Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma, da persoa beneficiaria, teñan un importe inferior ao do anticipo que lle corresponda (80% da axuda concedida cun máximo de 14400€).
 - Que a persoa beneficiaria se obligue a poñerse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social, coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou respecto das débedas pola procedencia de reintegro, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día en que reciba o anticipo, perdendo o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e debendo proceder ao reintegro do anticipo no caso contrario.
- Pagarase o 100% da axuda concedida nun só prazo cando se cumpran todos os requisitos. Se houber débedas pendentes coas Administracións, aboarase un 80% da axuda no momento da concesión e o 20% restante cando se comprobe o pagamento das ditas débedas.